

,7/1/68.

Sr. don GUILHERME DE ALMEIDA  
Príncipe dos Poetas  
Rua Macapá 187  
SAO PAULO, ZP 5

Querido Guilherme:

Non hai culpa de ninguén. A todos nós cousas semellantes están a pasar as veces. Ademais, o libro non retrasou a saída pol-a traíção d-outro libro. Onde mellor podía estar acochada a carta na ausencia do destinatario? Eu atribuí a traíção ao correo...

Do 4 ao 20 de decembre tamen eu estiven ausente. Tiven necesidade de facer unha viaxe aos portos da Patagonia, cruzando dúas veces o ar do Brasil sin escala en Sao Paulo, o que moito sentín. Agora xa teño o material completo e logo pode ser entregue o orixinal a imprensa.

Eu pensara facer o mesmo que indica na carta. Agora, co-a assinatura recibida moito mellor. Envíolle copia do prefacio por unha dúbida que a lectura me suxire. No segundo paragrafo di: "dêsse Vigo onde teve a sua córte Dom Denis"... Eiquí non conocemos este feito. Temo que os eruditos non concorden. Deixo ao seu xuízo manter ou trocar a forma de tan bela cita.

En canto ao tratamento acho desnecessario facer a mudanza proposta, xa que você ten na terra de orixe da carta o tono que conven aos sentimentos que expresa, aínda que entre nos, eiquí, pudiera ser algo distinto.

Supoño que andaré por algunhas librerías paulistas un libro meu -"La Anunciación de Valle Inclán"- publicado recentemente en Buenos Aires pol-a Editorial Losada. Non dispoño aínda de exemplares pra lle mandar, sin ben agardo que se reciban eiquí en poucos días mais.

Pídlle perdon por tanta maçada que lle veño causando e c-os